

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS (FPNS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS RÍO HORTEGA, CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA DA CORUÑA (INIBIC), A TRAVÉS DA FPNS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2019.

En Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, **Don Jesús Vázquez Almuiña**, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas Leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde respectivamente.

E doutra, **D. Luis Verde Remeseiro**, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Profesor Novoa Santos, en virtude do seu cargo como titular da Área de Xestión Integrada da Coruña e Cee, segundo se establece no artigo 16.2.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación Profesor Novoa Santos, fundación inscrita na folla número 3 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 1991.

MANIFESTAN

- Que a FPNS é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a FPNS serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.
- Que o INIBIC é un Instituto de Investigación Sanitaria, que se conforma actualmente mediante a asociación da Área de Xestión Integrada da Coruña e Cee (XXIAC), que engloba os centros de atención hospitalaria, atención especializada e atención primaria da área sanitaria de A Coruña, xunto coa Universidade da Coruña (UDC) e a Fundación Profesor Novoa Santos como órgano xestor.

O INIBIC ten entre as súas principais funcións:

1. Fomentar a colaboración entre investigadores do ámbito básico, clínico, de saúde pública e de servizos de saúde.
2. Promover a investigación traslacional e a innovación que teñan aplicacións e repercusións clínicas.
3. Fomentar a colaboración entre os centros de investigación das entidades que integran o INIBIC e outros pertencentes a outras institucións de investigación no ámbito autonómico.

O INIBIC carece de personalidade xurídica propia, polo que os actos xurídicos necesarios para a consecución dos seus fins son adoitados pola FPNS, como órgano de xestión do Instituto de acordo co Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de Institutos de investigación biomédica ou sanitaria.

- Que o Instituto de Salud Carlos III ditou en data 28 de decembro de 2018 resolución pola que se aprobou a convocatoria correspondente ó ano 2019 de concesión de subvencións da Acción Estratégica en Salud 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020.
- Que D^a Elena García Moreno, D. Jorge Arca Suárez, D^a. Marta Sagastagoitia Fornie solicitan, a través da FPNS e ao abeiro de dita convocatoria, **un contrato modalidade Río Hortega**, cuxo obxecto é a contratación de profesionais, en entidades sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co SNS, con actividade asistencial, que teñan superado a FSE, para o desenvolvemento dun plan de formación en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde que simultanearán con actividade asistencial correspondente a súa especialidade.
- Que en data 25 de novembro de 2019 dítase Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédese a axuda solicitada, para a contratación dos candidatos propostos
- Que en virtude do artigo 4.1.d. da citada convocatoria, que establece que *“En los contratos Río Hortega únicamente podrán participar las entidades sanitarias públicas, contempladas en el artículo 4.1. b) apartado 2º de la Orden de bases, con actividad clínico asistencial”*, é o Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de A Coruña) o que poderá contratar aos candidatos seleccionados.

Que, á vista de canto antecede, as Partes conveñen en outorgar o presente acordo con suxección ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Contrato

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes para a formalización dos contratos Río Hortega, concedidos ao INIBIC a través da FPNS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2019 de concesión de subvencións da Acción Estratégica en Saúde 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, na súa resolución de data 25 de novembro de 2019.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

-Pola parte do INIBIC, a través da FPNS:

-Realizar a achega económica ao Servizo Galego de Saúde, (Hospital Universitario de A Coruña) do importe concedido, esto é, 80.598,00 euros anuais, durante dous anos.

A financiación en cada anualidade estará suxeita a existencia de dispoñibilidade orzamentaria do órgano concedente nos exercicios económicos correspondentes, e condicionada á presentación en tempo e forma da xustificación económica anual.

-Envío de copia dos contratos asinados polas partes ao ISCIII e á Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) no prazo dun mes dende a súa sinatura.

-Colaborar co Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de A Coruña) no seguimento e control da contratación, debendo realizar a xustificación económica e remitirla ao ISCIII, sempre antes do 1 de maio do 2020 e tres meses despois do remate do contrato.

- Xestionar toda a documentación xustificativa (Gastos, Resultado Económico da Actividade, Memoria Científico-Técnica, etc) a través da aplicación de seguimento <https://seguimientoayudas.isciii.es/> e da Sede electrónica do Instituto Carlos III, como centro solicitante das axudas.

-Pola parte do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (HOSPITAL UNIVERSITARIO DA CORUÑA):

-Realizar, cos fondos achegados por INIBIC, a través da FPNS, a xestión do contrato co candidato seleccionado, que deberá estar asinado antes do 31 de xaneiro do 2020. Os fondos distribuiranse preferentemente en 14 pagas.

-Colaborar co INIBIC, a través da FPNS no seguimento e control da contratación, debendo remitir antes do 28 de febreiro do 2021, e no prazo máximo dun mes logo do remate do contrato a documentación relativa á mesma (copia do contrato e memoria económica xustificativa do destino dos fondos).

-Asumir as cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos da contratación.

TERCEIRA.-Condicións de pago

As achegas económicas que se efectúen por parte da INIBIC, a través da FPNS, e que proveñen da convocatoria correspondente ó ano 2019 de concesión de subvencións da Acción Estratégica en Salud 2017-2020, destinaranse a sufragar os gastos derivados da contratación dos candidatos que estableza a resolución definitiva do órgano concedente.

En concreto, a INIBIC, a través da FPNS achegará 80.598,00 euros anuais durante dous anos, en concepto de retribución bruta salarial correspondente aos/as tres investigadores/as. As cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos de contratación correrán a cargo do Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de A Coruña)

En caso de que, por calquera causa, o convenio se resolvase antes do prazo previsto, devolveranse ao INIBIC, a través da FPNS as cantidades percibidas e non executadas ó momento da resolución, xunto coa documentación reflectida na cláusula segunda.

CUARTA.- Duración

O presente acordo terá efectos dende a data da súa sinatura, e a súa vixencia extenderáse durante os dous anos que dura o prazo de execución da actividade a partir da data de incorporación dos adxudicatarios. En todo caso, o contrato permanecerá vixente ata que se cumpran as obrigas previstas no mesmo.

QUINTA.- Comisión de seguimento

O seguimento das accións que o Convenio contempla, levaranse a cabo a través dunha Comisión de Seguimento que estará constituída por dous representantes designados polo Servizo Galego de Saúde e pola FPNS, ó obxecto de avaliar o desenvolvemento das actividades derivadas do Convenio e o seu grao de cumprimento.

Por parte da FPNS:

A Directora da Fundación Profesor Novoa Santos

Por parte do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE:

A Directora da área de Innovación da Axencia do Coñecemento en Saúde

Asemade, serán funcións da citada Comisión de Seguimento, interpretar e resolver cantas dúbidas e discrepancias puideran xurdir no cumprimento deste Convenio, así como todas aquelas cuestións que se plantexen na execución do mesmo, fixando os criterios de seguimento e avaliación dos resultados.

SEXTA.- Xustificación

O Servizo Galego de Saúde responderá directamente fronte á FPNS do cumprimento da obriga de destinar, no prazo previsto, as cantidades detalladas na cláusula terceira, para a realización das actuacións previstas no presente acordo.

Se, como consecuencia do incumprimento das obrigas do Servizo Galego de Saúde, a FPNS se vira obrigada a devolver ó órgano concedente unha parte ou a totalidade da cantidade achegada, aquela comprométese a restituir dito importe á Fundación, cos intereses de demora que, no seu caso, puideran proceder en dereito.

SÉTIMA.- Publicidade

Deberase dar a axeitada publicidade do carácter público da actividade subvencionada, indicando, se fose o caso, a cofinanciación con fondos europeos ou doutras Administracións públicas, de acordo co establecido nos regulamentos da Unión Europea.

En concreto, nos contratos laborais que se formalicen ao abeiro do presente acordo, deberase incluír a seguinte información:

- Logo ISCIII
- Logo MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES.
- Logo UNION EUROPEA e Fondo Social Europeo.
- Debe aparecer escrito o lema "El FSE Invierte en tu futuro"
- Debe aparecer escrito: Unión Europea.
- Debe indicarse a frase: Estas axudas están cofinanciadas por fondos comunitarios (Fondo Social Europeo

período 2014-2020), e estar suxeita ás disposicións contidas no Regulamento 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro do 2013, relativo ó Fondo Social Europeo.

- Nº expdte: CM19/00113 concedido a D^a Elena García Moreno, nº expdte: CM19/00219 concedido a D^o Jorge Arca Suárez e nº expdte: CM19/00248 concedido a D^a Marta Sagastagoitia Fornie na convocatoria de resolución de 28 de decembro de 2018, do Instituto de Salud Carlos III, pola que se aproba a convocatoria correspondente ó ano 2019 de concesión de subvencións da Acción Estratégica en Salud 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020.

OITAVA.- Cuestións litixiosas e xurisdicción

O presente acordo someterase e interpretarase conforme á lexislación española. Para a solución das diverxencias que puideran xurdir na interpretación, execución ou validez do mesmo, as partes someteranse á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

A sinatura deste Convenio de Colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade co íntegro contido do presente Convenio, as partes o asinan, en triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e a data sinalados no encabezamento do mesmo.

A FPNS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Fdo. Luis Verde Remeseiro

Fdo. Jesús Vázquez Almuiña